

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de abril de dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Primeiro.- Os artigos 4 e 5 das Instrucións relativas ó funcionamento e actuación dos tribunais de selección, do 11 de abril de 2007, serán de aplicación a todos os procesos selectivos de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, coas modificacións que se indican a continuación:

Un.- Engádese un novo parágrafo ó punto 2 do artigo 4, coa seguinte redacción:

"Ningún membro dun tribunal de selección, tanto para persoal funcionario como laboral, poderá pertencer a un grupo profesional inferior ao grupo que é obxecto do proceso selectivo".

Dous.- Engádese un punto 4 ó artigo 5, coa seguinte redacción:

"4. Ningunha persoa que estea participando como aspirante nun proceso selectivo da Administración autonómica, poderá formar parte de tribunais ou órganos cualificadores de probas selectivas de persoal que se estean celebrando ao mesmo tempo no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das súas entidades instrumentais".

Segundo.- Establécense como novas instrucións en todos os procesos selectivos de persoal da Administración da Comunidade Autónoma, as seguintes:

Un.- Composición dos tribunais:

As persoas seleccionadas para formar parte dun tribunal ou órgano de selección nunha convocatoria de oferta de emprego público, deberán absterse de intervir nese proceso selectivo, en calquera dos órganos ou tribunais que se constitúan, no caso de que participe como aspirante o cónxuxe ou persoa coa que manteñan análoga relación de afectividade, ou ben algún parente ata o cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade.

Dous.- Persoal da dirección xeral ou centro directivo organizador do proceso selectivo:

Os/as empregados/as da dirección xeral ou centro directivo organizador do proceso selectivo que sexan admitidos nel como aspirantes, unha vez coñezan a súa admisión definitiva, deberán poñelo en coñecemento do titular da unidade, co obxecto de que se adopten, de ser necesarias, as medidas que garantan a seguridade do proceso, de xeito que os aspirantes poidan acceder ás prazas cumprindo os criterios de igualdade, mérito e capacidade.

Tres.- Persoal que participe na organización do proceso selectivo:

As persoas que interveñan na organización dun proceso selectivo, se participan como aspirantes no mesmo proceso o cónxuxe ou persoa coa que lles una análoga relación de afectividade, ou ben algún párente ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, deberán poñelo en coñecemento do titular da dirección xeral ou centro directivo organizador, co obxecto de que se adopten todas as medidas necesarias para garantir a seguridade do proceso, de xeito que os aspirantes poidan acceder ás prazas cumprindo os criterios de igualdade, mérito e capacidade.

As persoas implicadas na organización dun proceso selectivo, agás cando esas tarefas se limiten á vixilancia dos exames, non poderán preparar ós aspirantes, nin colaborar en actividades que teñan tal fin. Se a súa participación no proceso se limita a tarefas de vixilancia, deberán poñer en coñecemento do titular da unidade organizadora do proceso a realización e descrición de dita actividade, co obxecto de garantir a seguridade do proceso, de xeito que os aspirantes poidan acceder ás prazas cumprindo os criterios de igualdade, mérito e capacidade.

Terceiro.- Outras medidas:

Constituirase unha comisión técnica de mellora dos procesos selectivos, con participación dos axentes sociais, que elabore, no ámbito dos procesos selectivos que convoque a Dirección Xeral da Función Pública, unhas novas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección. Esta comisión técnica, previamente convocada polo titular da Dirección Xeral da Función Pública, reunirse cando se detecten disfuncións nos procesos de selección, co obxecto de promover a adopción de novas medidas que faciliten a mellora continua do proceso.

Comisións técnicas similares, coas mesmas funcións, constituiranse no ámbito da Consellería de Sanidade e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarto.- O presente acordo producirá efectos con respecto aos procesos selectivos que se convoquen no ámbito da Administración autonómica a partir da data da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia. "

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a oito de abril de dous mil dez.